Voltar

Solicitude de Informe de Vivenda para Regularización de Menores

Informe emitido pola Administración Local do lugar de residencia do reagrupante no que se deberá facer referencia aos seguintes extremos: Título que habilite para a ocupación da vivenda, número de habitacións, uso ao que se destina cada unha das dependencias da vivenda, número de persoas que a habitan e condicións de habitabilidade e equipamento.

Este informe é un dos documentos que se deben de achegar á solicitude de autorización de residencia por reagrupación familiar.

A quen está dirixido

As persoas estranxeiras menores de idade ou incapacitadas non nacidas en España que ben sexan fillos/as de españois ou de estranxeiros/as residentes legais en España, ben estean suxeitas legalmente a tutela dun/ha cidadán/a ou institución españois ou dunha persoa estranxeira residente legal en España:

- Poden obter autorización de residencia cando se acredite a súa *permanencia continuada en España durante un mínimo de 2 anos.

- Os seus pais ou titores deben cumprir os requisitos de medios de vida e aloxamento esixidos para exercer o dereito á Reagruapción Familiar.

- Cando os menores se atopen en idade de escolarización obrigatoria, deberase acreditar adicionalmente que estiveron matriculados nun centro de ensino e asistido regularmente a clase.

Como facelo

Por Internet

Pode solicitar a cita previa a través do correo electrónico **inmigracion@verin.net** da Oficina Municipal de Atención e Información ao Inmigrante para manter unha entrevista co/a técnico/a correspondente.

Presencialmente

Mediante solicitude de cita na Oficina Municipal de Atención e Información ao Inmigrante para manter unha entrevista coa técnico/a correspondente.

Por teléfono

Mediante solicitude de cita nos teléfonos: 988.41.47.76

Documentación requirida

- **Documento que acredite a ocupación da vivenda**
  Título que habilite para a ocupación da vivenda (contrato de aluguer, escritura de compravenda, declaración xurada de cesión, etc)
- **Autorización de Residencia e Traballo**
  Do proxenitor do menor, cunha vixencia mínima dun ano.
- **Xustificante de Residencia en España**
  Continuada de ao menos 2 anos.
- **Xustificante de Escolarización do Menor**
  No caso de atoparse en idade de escolarización obrigatoria.

Observacións

No prazo máximo de 15 días dende a solicitude, a Administración Local deberá emitir o informe e notificalo ao interesado e, simultáneamente e por medios telemáticos cando fose posible, á autoridade competente para resolver a autorización de reagrupación familiar.

Subsidiariamente, a persoa solicitante poderá xustificar o requisito de disponibilidade de vivenda suficiente, presentando acta notarial mixta de presenza e manifestacións no caso de que a Corporación Local non proceda a emitir o informe de vivenda no prazo indicado, o que será acreditado coa copia da solicitude realizada.

Preguntas Frecuentes:

Requisitos xerais para a regularización de menores.

Requisitos da vivenda.

Como legalizar os documentos do país de orixe.

Oficinas

- **Oficina Municipal de Atención e Información a Inmigrantes e Emigrantes Retornados**

Avda. de Portugal (Casa da Xuventude)
Teléfono: 988 41 14 76
Fax: 988.**41.22.59**
Email: inmigracion@verin.net

Horario:

De 9:30 a 14 horas de luns a xoves.

De 16:00 a 18:00 Martes e Xoves.

Lexislación relacionada

- **Lei de Estranxería** Lei Orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro, sobre dereitos e libertades dos estranxeiros en España e súa integración social.
- **Regulamento de Estranxería** Real Decreto 2393/2004 do 30 de decembro, polo que se aproba o Reglamento de execución da LO 4/2000..